

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021



Tempo de verán e experiencias

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

Mocidade 12 a 17 anos

**Kaiak, tiro con arco,
orientación, paddel surf,
snorkel, rutas medioambientais,
obradoiros creativos, deportes
alternativos e moito máis...**

**Aberta a preinscrición
do 24 ao 26 de maio.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2021**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



MINISTERIO
DE SANIDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE SANIDAD

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS MOCIDADE

A Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación, a través do Servizo Municipal de Mocidade, organiza un ano máis o Campamento de Mocidade. Un campamento no que poderedes gozar duns días xeniais coñecendo a outras mozas e mozos da túa idade, practicando divertidísimas actividades ao aire libre, despertando a conciencia ambiental e o respecto e goce da natureza...esperámosvos un ano máis!

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

O Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social, e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria, en relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial da COVID-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer xuvenil, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades.

A realización dos campamentos do Concello da Coruña queda supeditada á evolución da crise sanitaria provocada pola Covid-19. No caso de emitir as autoridades sanitarias información contraria á súa realización, este quedaría suspendido.

1. PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS A EMPREGAR EN ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO XUVENIL CON MOTIVO DA COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal, establecerase un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas a situacións concretas. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

2. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO EN COVID-19

O campamento contemplará e avaliará o risco para cada tipo de situación que poida darse, a través dun protocolo de prevención e actuación ante COVID-19, coas consideracións para ter en conta en caso de risco de contaxio ou de contaxio positivo. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal, a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

CALENDARIO

Preinscrición: 24, 25 e 26 de maio

*Asignarase un número a cada solicitude de praza atendendo á orde de entrada dos formularios de solicitudes

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 31 de maio

Reclamacións: 01, 02 e 03 de xuño

Sorteo das prazas: 04 de xuño

Publicación de listaxes de admitidas/os: 10 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2021 e coruna.gal/cmix

*Só será adxudicado un turno de campamento por persoa

*Habilitarase unha listaxe de agarda en cada una das quendas para cubrir aquelas prazas que non teñan a inscrición formalizada ou renuncien á mesma.

Inscrición: do 11 ao 15 de xuño

*Confirmación de praza: as persoas admitidas deberán confirmar a aceptación da praza enviando un correo electrónico ao enderezo xuventude@coruna.es

**No caso de non recibilo no prazo establecido, a partir do 16 de xuño a praza será adxudicada á seguinte persoa da listaxe de agarda.

***É preciso un mín. de 30 participantes por quenda. No caso contrario, o Concello resérvase a opción de anular a oferta da quenda que non acade o mínimo.

PERSOAS DESTINATARIAS

Mozas e mozos de 12 a 17 anos (nados entre 2004 e 2009), organizados en grupos de idade

*Poderán participar mozas e mozos con diversidade funcional. No caso de obter praza no sorteo, as persoas organizadoras do campamento contactarán coas familias para valorar as adaptacións necesarias para caso caso en particular.

QUENDAS

1ª Quenda: do 5 ao 16 de xullo 2021

2ª Quenda: do 19 ao 30 de xullo de 2021

HORARIO

De luns a venres de 09:00 a 14:00 h

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPAZO DE REALIZACIÓN

Polideportivo de Labañou

*A actividade combinará unha sede fixa coa saída a espazos urbanos para a realización de actividades ao aire libre

TRANSPORTE

Habilitarase un autobús que realizará unha ruta de ida e volta con 6 paradas establecidas pola organización

Nº PRAZAS

100*

*50 en cada quenda

COTA DE INSCRICIÓN

0,00 € por quenda e participante. Inclúe o transporte.

*Ao ser unha actividade de carácter gratuito e con alta demanda, a falta inxustificada suporá a baixa inmediata da persoa participante na actividade

TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES

- **Multideportivas e no medio acuático:** iniciación ao snorkel, kaiak, paddle surf, tiro con arco, propostas de deporte alternativo como kinball, floorball e ultimate, xogos deportivos na praia, deportes de equipo, etc...

- **Lúdico recreativas:** Xogos de rastrexo e de pistas, orientación, xeocatching, obradoiros creativos, xogos de cooperación, etc...

- **Medioambientais:** Senderismo pola contorna medioambiental, rutas de coñecemento e recollida de algas, elaboración de xogos con material de refugallo, etc...

REUNIÓN INFORMATIVA

Finalizado o proceso de inscrición enviarase un correo electrónico ás persoas que obteñan praza para a realización dunha reunión informativa

+ información e inscrición en coruna.gal/campamentos2021